

PROCEDIMENTO DE PREINSCRIPCIÓN PARA A MATRÍCULA DE MATERIAS OPTATIVAS DO GRAO EN DEREITO - CURSO ACADÉMICO 2020/2021

Por motivos de organización da docencia do centro, na Xunta de Facultade do 17/02/2020 e na Comisión Permanente do 19/06/2020, acordouse limitar o número de prazas das materias optativas tal como figura no Anexo I, polo que o alumnado que desexe matricularse nalgunha/s destas materias no próximo curso 2020/2021 deberá facer antes de que se abra o prazo de matrícula unha preinscrición segundo o seguinte procedemento:

1. PRAZO DE PREINSCRIPCIÓN: Do 10 ao 20 de xullo de 2020

2. SOLICITUDE: A través da [Secretaría Virtual](#) (“*Matrícula*” → *Preinscrición optativas*”).

Na solicitude deberase indicar o **número de créditos optativos** que se desexa matricular e o **número de preferencia** de cada materia. Recoméndase poñer a orde de preferencia de todas as materias optativas, independentemente do número que se desexe cursar, por se non se obtén praza na/s preferida/s.

O alumnado que teña previsto cambiarse ou trasladarse á esta Facultade no curso 2020/2021 utilizará o formulario do Anexo II para solicitar a preinscrición.

3. CRITERIOS DE ASIGNACIÓN

Para a asignación das materias optativas aplicaranse os seguintes criterios e orde de prelación:

- 1º Estar titulado/a ou ter a totalidade dos créditos superados. (Para o alumnado que non puidese optar anteriormente á Mención da súa preferencia tal como se recolle no apartado 2 do Anexo I).
- 2º Número de créditos superados a data 6 de xullo de 2020.
- 3º Nota media en base 10 calculada a data 6 de xullo de 2020.
- 4º En caso de empate aplicando os criterios anteriores terá preferencia a/o estudante con maior número de matrículas de honra, sobresaíntes, notables e aprobados.

4. ASIGNACIÓN DAS MATERIAS

O procedemento de asignación das materias optativas resolverase entre o 24 e 31 de xullo e o alumnado poderá consultar na Secretaría Virtual as materias optativas nas que obtivo praza para formalizar a matrícula no prazo establecido na convocatoria de matrícula da Universidade de Vigo para o curso 2020/2021: do 31 de agosto ao 15 de setembro de 2020.

5. PRAZAS VACANTES

Considerando que poden quedar prazas vacantes en todas ou nalgunha das materias optativas, abrírase outro prazo de preinscrición antes de cada un dos prazos de modificación de matrícula:

- **Do 18 ao 22 de setembro de 2020**, que se resolverá entre o 23 e 25 de setembro e poderá consultarse na Secretaría Virtual para, de ser o caso, modificar a matrícula no prazo establecido pola convocatoria de matrícula da Universidade de Vigo para modificación de materias do 1º e 2º cuatrimestre: do 28 ao 30 de setembro de 2020.
- **Do 20 ao 25 de xaneiro de 2021, só para materias optativas do 2º cuatrimestre con prazas vacantes**, que se resolverá entre o 27 e 29 de xaneiro e poderá consultarse na Secretaría Virtual para, de ser o caso, modificar a matrícula no prazo establecido pola convocatoria de matrícula da Universidade de Vigo para **modificación de materias do 2º cuatrimestre**: do 2 ao 5 de febreiro de 2021.

6. A Comisión Permanente poderá actualizar as datas e o límite de prazas deste procedemento e informará de tales actualizacións aos membros da Xunta de Facultade.

ANEXO I

1.- Materias optativas do Grao en Dereito da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo:

Código da materia	Denominación da materia	Mención	Créd.	Curso	Cuadri.	Prazas
G081931	Dereito concursal	Dereito privado de empresa	6	4º	1 SG	30
G081932	Propiedade industrial e competencia	Dereito privado de empresa	6	4º	1 SG	30
G081933	Métodos alternativos de resolución de conflitos no ámbito empresarial	Dereito privado de empresa	6	4º	1 SG	30
G081934	Responsabilidade civil da actividade empresarial e profesional	Dereito privado de empresa	6	4º	2 SG	30
G081935	Dereito marítimo	Dereito privado de empresa	6	4º	2 SG	30
G081936	Dereito do comercio internacional	Dereito privado de empresa	6	4º	2 SG	30
G081937	Tutela procesual do crédito	Dereito privado de empresa	6	4º	2 SG	30
G081981	Prácticas externas	Dereito privado de empresa Dereito público de empresa	6	4º	2 SG	25
G081941	Dereito penal de empresa	Dereito público de empresa	6	4º	1 SG	30
G081942	Dereito da seguridade social	Dereito público de empresa	6	4º	1 SG	30
G081943	Responsabilidade penal e administrativa no ámbito financeiro-tributario	Dereito público de empresa	6	4º	1 SG	30
G081944	Réxime fiscal da empresa	Dereito público de empresa	6	4º	2 SG	30
G081945	Dereito administrativo económico	Dereito público de empresa	6	4º	2 SG	30
G081946	Constitución económica	Dereito público de empresa	6	4º	2 SG	30
G081947	Réxime xurídico da responsabilidade patrimonial da administración (contractual e extracontractual)	Dereito público de empresa	6	4º	2 SG	30

2.- Información relativa ás materias optativas e as Mencións:

O alumnado debe ter presente que, á hora de escoller as materias optativas, poden darse dúas situacións:

- Que a/o estudante desexe obter unha das mencións ao título. Nese caso, a/o estudante, dos 36 créditos de carácter optativo que debe superar para acadar o título, como mínimo 30 créditos (5 materias) corresponderanse coas materias específicas da mención elixida.
- Que a/o estudante non desexe obter ningunha mención ao título. Nese caso, a/o estudante simplemente terá que superar 6 materias optativas (36 créditos) segundo a súa elección.

En todo caso, o centro garantirá que a/o estudante se poida matricular no curso académico de todos os créditos optativos necesarios para acadar o título, con todo, non pode garantir que poida obter a Mención da súa preferencia. Neste caso o alumnado que xa superase a totalidade dos créditos necesarios para obter a titulación podería preinscribirse das materias optativas necesarias para obter a mención no seguinte curso académico, tendo preferencia no procedemento de asignación de materias optativas.

ANEXO II

IMPRESO DE PREINSCRICIÓN DE MATERIAS OPTATIVAS DO GRAO EN DEREITO DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO

Apelidos:		Nome:
DNI/NIE/Pasaporte:		Móbil:
Correo electrónico:		
<p>Por estar interesado/a en matricularme no curso académico 2020/2021 do seguinte número de créditos de materias optativas <input type="text"/> (indicar o número, entre 6 e 36)</p> <p>Solicito a seguinte preferencia nas optativas (Recoméndase poñer a orde de preferencia de todas as materias optativas por se non obtén praza na/s preferidas):</p>		
Preferencia	Código da materia	Nome da materia
1º		
2º		
3º		
4º		
5º		
6º		
7º		
8º		
9º		
10º		
11º		
12º		
13º		
14º		
15º		

..... de de 2020

(Data e sinatura)

SR. DECANO DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO

INFORMACIÓN PARA O REXISTRO: enviar á área de Estudos de Grao da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo.